

# COLPAS DO ENTROIDO 2020

Pola túa culpa, Entroido,  
a xente está morrendo,  
co virus do coronavirus  
que se está estendendo.

Culpámoste, don Entroido,  
de portarestes tan mal,  
trouxéchenos o coronavirus!  
Mais...habémonos de librar.

Pola túa culpa, Lambón,  
hai moitos infectados,  
chegou o coronavirus.  
Aínda podemos paralo!

Entroido, pola túa culpa,  
estamos todos viciados  
Play, móbiles, tabletas...  
Vivimos hipnotizados!

Pola túa culpa, Entroido,  
a xente está enganchada  
pola moda do “Tik tok”  
e os pais non fan nada.

Cando chegan as rebaixas,  
pola túa culpa, lambón,  
o diñeiro non me chega  
para mercar o pantalón.

Bótoche a culpa, Lambón  
de que hai moitos abusóns,  
causan angustia e dor,  
deberían estar en prisión!

Pola túa culpa, larpeiro  
hai políticos ben malos  
E Vox, o peor de todos,  
moito ten aumentado!

Estamos fartos, Lambón,  
hai quen vive en soidade,  
e moitos sofren acoso  
nesta nosa sociedade

Es ti culpable, Capullo,  
das mulleres maltratadas.  
Temos dentro dos fogares  
moita violencia agochada.

Pola túa culpa, Larpeiro  
existe a deforestación,  
Australia está incendiada  
e os animais en extinción.

Culpámoste, Malnacido,  
do desastre do Amazonas.  
canto dano lles fixeches  
a estas fermosas zonas!

Pola túa culpa, Langrán;  
quedamos sen Kobe Bryant,  
fallou o seu helicóptero  
e incendiouse contra o chan.

Culpámoste, don Entroido,  
dos males que provocaches,  
a desilguadade das mulleres  
tampouco solucionaches.

Culpámoste, don Entroido,  
de abandonar tantos animais,  
sofren e morren na rúa...  
Non queremos velo máis!

Culpámoste, don Entroido,  
todo o día a traballar,  
dende que nos erguemos  
sen poder lacazanear!!

Culpámoste, Lambón,  
polos neníños famentos  
pola xentiña sen casa...  
E non che quita o contento.